

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

*ORDE do 25 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI451A).*

O artigo I da Declaración de Nacións Unidas sobre a Eliminación da Violencia contra as Mulleres de 1993 achegou unha definición de violencia de xénero que segue a ser pertinente no momento actual: «Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así coma as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada».

A violencia de xénero maniféstase de moi diversas formas, en todas as culturas e os países, en todas as clases sociais e en todas as idades. Así o reflicten as estatísticas, que amosan unha parte pequena, mais gravísima, da magnitude total da violencia exercida contra as mulleres. A violencia cotiá contra as mulleres estivo durante séculos naturalizada e normalizada, polo que se mantiña silenciada e, aínda hoxe, a pesar de situarse no centro da preocupación social e política, é un fenómeno estrutural e global que constitúe un problema sociopolítico de primeira magnitude que, como tal, debe ser tratado, e no que a sociedade debe asumir o compromiso de loitar de xeito conxunto a prol da súa erradicación. O compromiso da Administración debe ser articular unha resposta global á problemática da violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo, así como fortalecendo a prevención para avanzar na paulatina redución desta lacra social ata a súa erradicación.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle actuacións destinadas a achegar a toda a sociedade, e principalmente ás vítimas, unha necesaria resposta que garanta a seguridade e a recuperación integral das mulleres e das persoas que dela dependen, potenciando instrumentos de prevención e sensibilización e articulando os mecanismos necesarios para prestar unha atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.



En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de violencia de xénero polo Goberno da Nación, as comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso dos Deputados, creouse unha subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe en que se identificasen e analizasen os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no cal se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas, as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais.

Pola súa banda, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a elaboración dun informe que estudase e avaliase, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas; analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a violencia de xénero e examinase a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o informe da ponencia de estudo da referida comisión para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Co exposto, o 27 de decembro de 2017, todas as comunidades autónomas ratificaron de común acordo o informe do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que no seu eixe 3 recolle de maneira específica medidas para o perfeccionamento da asistencia, axuda e protección ás vítimas, e entre elas, a elaboración de propostas para mellorar o apoio social, educativo, de formación e inserción laboral das mulleres que sofren violencia de xénero.

Son as comunidades autónomas as que asumen as competencias da asistencia social integral das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas e están, polo tanto, chamadas a xogar un papel clave na prevención, atención e reparación do dano.

As medidas relativas ao compromiso económico vinculado ao desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero establecían que o financiamento debía alcanzar o horizonte temporal necesario para materializar o conxunto de medidas acordadas nel e desde a súa aprobación incluían un primeiro escenario, que abarcaba os primeiros cinco exercicios orzamentarios desde a aprobación do pacto, isto é, desde 2018 a 2022. Con



todo, prevíase que este horizonte temporal puidese actualizarse e redefinirse dentro da Comisión de Seguimento do Pacto constituída no Congreso.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación do informe, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

Con base en todo o anterior, o 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, do 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

As mulleres que viven ou viviron situacións de violencia de xénero precisan dotarse das ferramentas necesarias para incorporarse ao mundo laboral e obter independencia económica, no caso de que esta non existise, polo que desde as administracións se asume a obriga de dotar os mecanismos necesarios para facilitarlles esa integración social e laboral. Nesa obriga enmárcase a presente orde, que ten como obxectivo primeiro o fomento do desenvolvemento de programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción socio laboral das mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para a súa recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia. O acceso ao emprego das mulleres vítima de violencia de xénero representa un paso fundamental para lograr unha maior autonomía e aumento da autoestima, ao acadar a independencia económica contribuindo a lograr a súa plena integración na vida económica e social.

As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do



13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro), e no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; polo Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polo Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar para o ano 2025 subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral, dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral.

2. O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

4. O código deste procedemento administrativo é o SI451A.

##### Artigo 2. *Financiamento*

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 700.000 euros imputables á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112).



A dita partida orzamentaria finánciase con fondos finalistas do Estado, que os orzamentos xerais do Estado destinan ao desenvolvemento ou á ampliación das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O método de concesión e xustificación empregado será a través de módulos, consonte o disposto no artigo 52 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

### Artigo 3. *Compatibilidade das axudas*

As subvencións para as actuacións recollidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública, ou incentivo á contratación, para a mesma finalidade.

### Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser destinatarias das subvencións para o desenvolvemento das actuacións reguladas nesta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e os requisitos exixidos nesta orde e que, de xeito particular, deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.



d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

e) Cumprir os requisitos e as condicións establecidos na normativa xeral de subvencións.

2. Todos os requisitos exixidos deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución dos programas subvencionados.

#### Artigo 5. *Persoas destinatarias finais*

As persoas destinatarias finais dos programas regulados nesta orde serán as mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego.

Para os efectos desta orde, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que tiveran cesado a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, concretamente:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

d) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local de Galicia no que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.



e) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local de Galicia en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

Terán preferencia, de ser o caso, para a incorporación ao programa, as mulleres con orde de protección e/ou medidas cautelares vixentes no momento de incorporación ao programa. Para estes efectos, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá realizar as comprobacións oportunas a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección e do Sistema de Rexistros Administrativos de Apoio á Administración de Xustiza.

#### Artigo 6. *Incorporación das participantes ao programa*

1. Para os efectos de facilitar a selección de candidatas, a Consellería de Política Social e Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborarán unha instrución conxunta que se fará pública na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

2. Igualmente, as entidades beneficiarias das axudas, así como os centros de Información á Muller, os centros da Rede Galega de Acollemento e o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, poderán propoñer participantes para a súa incorporación ao programa, sempre e cando estas reúnan os requisitos recollidos no artigo 5.

3. As mulleres finalmente seleccionadas serán identificadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e non poderán participar noutras medidas activas de emprego que se consideren incompatibles coa participación en programas de inserción laboral como os subvencionados a través desta orde.

#### Artigo 7. *Actuacións e período subvencionables*

1. Serán subvencionables os programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral. Nestes programas establécese de xeito obrigatorio un obxectivo cuantitativo de inserción laboral das mulleres participantes neles, que será de, polo menos, o 10 % das participantes, que deberán acadar a súa inserción laboral no período subvencionable, e segundo o disposto no artigo 7, números 3 e 4.



Non obstante, cando a totalidade de mulleres participantes no programa acrediten, ademais da condición de vítima de violencia de xénero, unha situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, o obxectivo de inserción será dun 5 %.

Ademais, os programas que se desenvolvan deberán incluír de xeito obrigatorio algunha das actuacións previstas no itinerario de inserción de cada usuaria e as bolsas para as participantes do programa, recollidos no número 2, letras a) e d), e poderán incluír tamén algunha das outras actuacións previstas no número 2, letras b) e c).

## 2. Actuacións dos programas:

### a) Itinerario de inserción:

1º. Diagnóstico competencial e deseño dun plan de acción personalizado para a busca de emprego para cada participante: entrevista individualizada en profundidade a cada unha das participantes para obter toda a información sobre os recursos de que dispón, a súas aptitudes e actitudes para o emprego, dispoñibilidade horaria, formación e experiencia laboral.

2º. Orientación profesional e asesoramento laboral para o emprego: obradoiros de entrevista, elaboración de currículum vitae, técnicas de busca de emprego e asesoramento formativo.

3º. Busca activa de emprego con acompañamento e seguimento da dita busca, así como seguimento inicial no posto de traballo.

4º. Intermediación laboral e contacto con empresas xestionando as posibles ofertas: confección do perfil laboral das participantes coa finalidade de remitilas ás empresas e cubrir posibles ofertas de emprego.

5º. Asesoramento/apoio na empresa en prácticas profesionais non laborais ou similar.

6º. Prospección de emprego.

7º. Seguimento da inserción nas empresas e avaliación do traballo realizado.

8º. Outras actuacións dirixidas a incrementar as expectativas de mellora da empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral das mulleres en situación de violencia de xénero.





A atención directa, a través dos itinerarios de inserción sinalados nos números ordinais anteriores, comprenderá tanto as actuacións presenciais coa persoa participante, de forma individual ou grupal, coma aquelas outras actuacións que non requiran a presenza da persoa e que se consideren necesarias para o cumprimento do obxectivo de apoiar a súa integración ou reintegración no mercado laboral.

b) Formación para o emprego:

Terá a finalidade de formar e capacitar ás participantes para o seu acceso ao emprego, proporcionándolles unha actualización e mellora das súas competencias profesionais, coñecementos e prácticas, incluídas as accións formativas que teñan como finalidade adquirir as competencias clave, formación lingüística, formación en coaching e/ou intelixencia emocional ou formación relativa ás características da sociedade de acollida no caso de mulleres inmigrantes, así como formación dirixida ao autoemprego e á constitución de cooperativas ou sociedades laborais.

c) Actuacións de apoio á conciliación:

Consistirán na posta a disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción socio-laboral segundo a letra a), ou en formación para o emprego segundo a letra b).

d) Bolsas para as participantes no programa:

O obxecto destas bolsas será facilitarlle ás participantes unha axuda económica para compensarlles os gastos nos que poidan incurrir como o transporte, desprazamentos, teléfono, internet, por participar no programa, que incentive a súa participación no mesmo.

3. Para os efectos desta orde considerárase inserción laboral das mulleres atendidas cando, durante o prazo de execución do programa, sexan contratadas por conta allea por unha duración non inferior a tres meses, ou inicien durante este mesmo prazo ou dentro dos tres meses inmediatamente posteriores, unha actividade por conta propia ou formando parte como socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral, por unha duración non inferior a seis meses.

4. Para os efectos desta orde, non se computarán como inserción laboral:

a) As contratacións que se produzan en calquera administración pública con cargo a subvencións de programas de políticas activas de emprego.



b) As contratacións en empresas con cargo a subvencións de programas de políticas activas de emprego.

c) A contratación das participantes para o desenvolvemento das accións previstas nesta convocatoria 2025.

5. O período de referencia para a imputación dos gastos relativos ás axudas reguladas na presente orde será do 1 de abril de 2025 ao 30 de novembro de 2025.

#### Artigo 8. *Determinación do importe das subvencións*

Para a determinación do importe das subvencións establécense os seguintes módulos:

a) Módulo para o itinerario de inserción:

Neste módulo, a asignación da subvención será de 21,53 €/hora de traballo efectivo, máis o 20 % en concepto doutros custos directos e indirectos, realizado por persoal técnico con titulación universitaria, titulación superior de Formación Profesional complementada con experiencia profesional e/ou formación especializada ou, na súa falta, con coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión, complementados con formación específica no posto de traballo que sexa equivalente á titulación referida, respectando, en todo caso, as exigencias de titulación específica para o desempeño da súa profesión, en todos os postos en que así estea establecido pola normativa legal.

O citado custo unitario por hora efectivamente traballada aplicarase, ata un máximo de 1.147 horas por profesional, para o período subvencionable de 8 meses, que se corresponden coa dedicación dun/unha profesional a xornada completa. Neste suposto será necesario acreditar durante todo o programa, un número mínimo de 20 mulleres participantes, das cales o 60 % (12) deberán ter realizadas, polo menos, seis intervencións presenciais das recollidas no seu itinerario de inserción.

Este número de mulleres atendidas previsto nesta orde incrementárase ou minorárase proporcionalmente en función do número de horas totais declaradas pola entidade.

b) Módulo para accións de formación para o emprego:

Este módulo comporta para o seu desenvolvemento a presenza de monitorado, e/ou tutorización no caso de teleformación. A asignación do módulo será de 21,53 €/hora de traballo efectivo máis o 40 % en concepto doutros custos directos e indirectos.



Os importes establecidos corresponderán integramente cando teñan dereito á certificación acreditativa pola súa realización un mínimo de cinco participantes. A este respecto, entenderase que xeran dereito a certificado acreditativo da realización da acción formativa as participantes que asistisen, como mínimo, ao 60 % do total das horas de duración da dita acción, ou, no caso de teleformación, que tivesen executado, polo menos, o 60 % dos contidos dentro do período formativo, de ser o caso.

As accións formativas previstas neste módulo de formación para o emprego deberán ter unha duración mínima de 8 horas, e estaren iniciadas e finalizadas dentro do período subvencionable sinalado no artigo 7.

c) Módulo para medidas de apoio á conciliación:

Este módulo terá una asignación de 16,73 €/hora por servizo de conciliación efectivamente prestado máis o 20 % en concepto doutros custos directos e indirectos.

d) Módulo para bolsas de participación:

Este módulo terá unha asignación de 50 € ao mes por participante, sempre que acredite a súa inclusión e participación activa no programa durante un mínimo de 20 días do mes correspondente.

A entidade beneficiaria realizará o pagamento destas bolsas mensualmente ás participantes, unha vez acreditado o dereito á bolsa segundo o disposto no parágrafo anterior, e con data límite o día 15 do mes seguinte ao que corresponda o aboamento.

Artigo 9. *Contía das subvencións*

1. A contía máxima da axuda que se pode conceder a cada entidade ao abeiro desta convocatoria é de 80.000 euros.

2. Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable as porcentaxes de intensidade de axuda que se indican a continuación, en función da puntuación obtida na valoración realizada unha vez aplicados os criterios establecidos no artigo 17:

- Entre 100 e 95 puntos: 100 % do gasto subvencionable.
- Entre 94 e 85 puntos: 90 % do gasto subvencionable.
- Entre 84 e 75 puntos: 80 % do gasto subvencionable.



- Entre 74 e 65 puntos: 70 % do gasto subvencionable.
- Entre 64 e 55 puntos: 60 % do gasto subvencionable.
- Entre 54 e 45 puntos: 50 % do gasto subvencionable.
- Entre 44 e 35 puntos: 40 % do gasto subvencionable.
- Entre 34 e 25 puntos: 30 % do gasto subvencionable.

Non serán beneficiarias desta subvención as entidades que non acaden un mínimo de 25 puntos.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou por modificación nos programas inicialmente presentados ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

Así mesmo, no caso de quedar crédito libre de adxudicar a contía que corresponda a cada unha das entidades que resulten beneficiarias da subvención, e sempre que non exista lista de agarda, poderá repartirse entre elas a partes iguais de xeito que se manteña a proporcionalidade derivada da aplicación dos criterios de baremación, e sen que en ningún caso se poida superar a contía solicitada.

#### Artigo 10. *Gastos subvencionables*

1. Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento das actuacións que configuren o programa, segundo o disposto no artigo 7, e referidos a gastos directos de persoal e outros gastos directos e gastos indirectos, nos termos establecidos a seguir:

a) Gastos directos: terán esta consideración os que estean directamente relacionados coas actuacións subvencionadas e que se refiran de forma inequívoca e constatable a elas, en particular os seguintes:

1º. Gastos de persoal:

1º.1. Persoal propio da entidade que preste servizos no desenvolvemento do programa obxecto desta subvención, e que realice atención directa ás mulleres participantes, segun-



do o previsto no artigo 7.a). Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda. A identificación da actuación que se subvenciona deberá constar no contrato de traballo ou nunha asignación previa de funcións directas, tanto no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da dita actuación coma no caso de dedicación parcial, garantindo sempre a súa xustificación documental.

1º.2. Traballadoras/es por conta propia para a realización de actuacións ou a prestación de servizos ou funcións relacionados coa finalidade do programa, logo da asignación de funcións, segundo o previsto no artigo 7.a). Deberá quedar suficiente xustificación documental da actuación que se subvenciona e do tempo de dedicación á dita actuación.

1º.3. Traballadores/as por conta propia con contrato para a realización de actividades de formación previstas no artigo 7.b).

1º.4. Só serán imputables as horas efectivamente traballadas dedicadas ao desenvolvemento do programa, e realizadas por profesionais técnicos/as, titulados/as, adscritos/as a el.

2º. Outros gastos directos:

2º.1. Gastos de seguros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actuación subvencionada, segundo calquera das previstas no artigo 7, incluídos os gastos de seguros de accidentes do alumnado.

2º.2. Axudas de custo e gastos de locomoción do persoal que desenvolve as actuacións, necesarias para a súa realización.

2º.3. Bolsas ás mulleres beneficiarias do programa pola súa participación nas accións formativas desenvolvidas dentro do seu itinerario e/ou pola realización de prácticas non laborais.

2º.4. Alugueiro de maquinaria específica para o desenvolvemento de accións de formación.

b) Gastos indirectos: terán a dita consideración os gastos correntes que non se correspondan en exclusiva ás actuacións subvencionadas por ter carácter estrutural pero que resulten necesarios para o seu desenvolvemento:

1º. Gastos indirectos de persoal.



2º. Gastos en bens consumibles e en material funxible.

3º. Gastos de alugamento e de mantemento de instalacións como luz, auga, calefacción, teléfono, internet, electricidade, limpeza e seguridade.

2. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

3. Para os efectos desta orde, non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior non se considerarán como gastos subcontratados aqueles nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal monitor, alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

De acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe de cada un dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

#### Artigo 11. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día



do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 12. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Memoria da entidade (anexo II), que conteña os datos básicos de identificación e, como mínimo, as epígrafes sinaladas neste anexo.

b) Memoria descritiva de actuacións (anexo III), que deberá conter como mínimo as epígrafes sinaladas neste anexo. De ser preciso, poderase achegar unha memoria complementaria ao anexo III de extensión non superior a seis folios.

c) Certificación, emitida polo órgano responsable da entidade, na que figure o compromiso de asignar os medios materiais e humanos necesarios para garantir o axeitado desenvolvemento das actuacións previstas no artigo 7 e de acordo co indicado no anexo III (memoria descritiva de actuacións a desenvolver), segundo o modelo 1 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

d) Acreditación documental, suficiente e detallada, da experiencia da entidade na realización e desenvolvemento de programas de inserción laboral con mulleres vítima da vio-



lencia de xénero e/ou con persoas pertencentes a outros colectivos, segundo o disposto no artigo 17.1.a), de ser o caso.

e) Documentación acreditativa do/dos compromiso/s de contratación a que se refire o artigo 17.1.b), asinada pola empresa ou empresas correspondentes, de ser o caso, segundo o modelo 2 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

f) De ser o caso, acreditación documental suficiente de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de inserción debidamente inscrita no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia, de acordo co previsto no Decreto 178/2022, do 15 de setembro, polo que se regula o procedemento para a cualificación de empresas de inserción de Galicia e o seu rexistro administrativo.

## 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.





**Artigo 13. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- g) Concesións de subvencións e axudas.
- h) Vida laboral dos últimos 12 meses das persoas participantes inseridas.
- i) Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente: certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia, no caso de participantes en programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que, ademais da condición de vítima de violencia de xénero acrediten unha situación de discapacidade.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Artigo 15. Instrución dos procedementos**

1. A instrución dos procedementos corresponde á subdirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos, o órgano instrutor requirirá as entidades interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se darán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, en calquera fase do procedemento poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á Comisión de Valoración.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión ou desestimación, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite, procedéndose ao seu arquivamento, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido.

**Artigo 16. Comisión de Valoración**

1. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, crearase unha Comisión de Valoración, que será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes e



de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- **Presidencia:** a persoa titular da subdirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituída pola persoa titular do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo.

- **Vogalías:** a persoa titular da xefatura do servizo con competencias en materia de prevención e atención ás vítimas, a persoa titular da xefatura do servizo con competencias en materia de planificación e mellora da coordinación e a persoa titular da xefatura do servizo con competencias en materia de apoio técnico-administrativo, da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, e a persoa titular da xefatura do servizo con competencias en materia de intermediación da dirección xeral con competencias en materia de formación e cualificación para o emprego da consellería con competencias en materia de emprego, comercio e emigración.

- **Secretaría:** unha persoa funcionaria da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero por proposta da persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Se, por calquera causa, algunha das persoas compoñentes da Comisión de Valoración non puidese asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituída pola persoa funcionaria designada para o efecto pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero.

Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha composición equilibrada entre mulleres e homes.

3. A Comisión de Valoración poderá requiririlles ás entidades solicitantes das subvencións a información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

4. Unha vez avaliados os expedientes segundo os criterios de valoración establecidos nesta orde, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou a



denegación da axuda solicitada, propoñendo a concesión da subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito.

5. No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en reserva para seren atendidas no suposto de que quedase crédito libre por producirse algunha renuncia, ou por modificación nos programas inicialmente subvencionados, ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado nesta base.

#### Artigo 17. *Criterios de valoración*

1. A Comisión valorará os expedientes segundo os seguintes criterios:

a) Pola experiencia da entidade na realización e no desenvolvemento de programas de inserción laboral nos últimos 5 anos: ata 20 puntos, coa seguinte desagregación:

– Experiencia da entidade na realización e desenvolvemento de programas específicos de inserción laboral con mulleres vítima de violencia de xénero: 3 puntos por cada programa desenvolvido, ata un máximo de 15 puntos, sempre que se acredite que obtiveron financiamento para o seu desenvolvemento por parte das administracións públicas e que tivesen como resultado a inserción laboral dunha ou varias mulleres vítima de violencia de xénero. Acreditarase a través de informe ou certificado emitido pola Administración pública correspondente no cal se recolla o nome do programa, o/os período/s, ano/s de desenvolvemento e as insercións acadadas.

– Experiencia da entidade na realización e no desenvolvemento de programas específicos de inserción laboral con outros colectivos: 1 punto por cada programa desenvolvido, ata un máximo de 5 puntos, sempre que se acredite que obtiveron financiamento para o seu desenvolvemento por parte das administracións públicas e que tivesen como resultado a inserción laboral dunha ou varias persoas. Acreditarase a través de informe ou certificado emitido pola Administración pública correspondente, no cal se recolla o nome do programa, o período ou os períodos de desenvolvemento e as insercións acadadas.

b) Pola existencia e a presentación dun compromiso de contratación asinado por unha empresa: ata 8 puntos, coa seguinte desagregación:

– Presentación dun compromiso de contratación asinado por unha empresa: 3 puntos.



– Presentación de dous ou máis compromisos de contratación asinados por dúas ou máis empresas: 8 puntos.

Para que se entendan cumpridos os compromisos de contratación, o tempo efectivamente traballado deberá ser como mínimo de tres meses e deberá iniciarse dentro do período de execución desta convocatoria.

c) Polo compromiso de realización de prácticas non laborais en empresa por parte das participantes neste programa de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero, asinado pola persoa responsable da entidade solicitante: ata 15 puntos, coa seguinte desagregación:

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de entre o 20 % e o 40 % das participantes no programa: 5 puntos.

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de entre o 41 % e o 60 % das participantes no programa: 10 puntos.

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de máis do 60 % das participantes no programa: 15 puntos.

No caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que, ademais da condición de vítima de violencia de xénero, acrediten unha situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, a desagregación da valoración do compromiso de realización de prácticas non laborais en empresas das participantes será a seguinte:

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de entre o 10 % e o 20 % das participantes no programa: 5 puntos.

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de entre o 21 % e o 40 % das participantes no programa: 10 puntos.

– Compromiso de realización de prácticas non laborais de máis do 40 % das participantes no programa: 15 puntos.

En ambos os casos, para que se entendan cumpridos os compromisos de realización de prácticas non laborais, as prácticas deberán ter unha duración mínima de 8 horas e deberán iniciarse e finalizarse dentro do período de execución desta convocatoria.



d) Pola acreditación documental de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de inserción, debidamente inscrita no Rexistro Administrativo de Empresas de de Galicia: 5 puntos.

e) Polo carácter integral do programa presentado, con respecto ás actuacións establecidas no artigo 7: ata 27 puntos, coa seguinte desagregación:

– Obxectivos propostos pola entidade solicitante en relación coa mellora da situación persoal e laboral das participantes, con respecto ás actuacións establecidas no artigo 7: ata 15 puntos.

– Carácter innovador das actuacións que vai desenvolver a entidade solicitante, segundo as recollidas no artigo 7, con respecto a outras propostas desta convocatoria: ata 12 puntos.

f) Obxectivos comprometidos en materia de inserción laboral no mercado de traballo das mulleres vítima da violencia de xénero participantes no programa, sempre que sexan superiores aos mínimos establecidos no artigo 7: ata 25 puntos, segundo a seguinte escala:

- 11 %: 6 puntos.
- 12 %: 7 puntos.
- 13 %: 8 puntos.
- 14 %: 9 puntos.
- 15 %: 10 puntos.
- 16 %: 11 puntos.
- 17 %: 12 puntos.
- 18 %: 13 puntos.
- 19 %: 14 puntos.
- 20 %: 15 puntos.
- 21 % ou máis: 25 puntos.



No caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que, ademais da condición de vítima de violencia de xénero, acrediten unha situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, a valoración dos obxectivos comprometidos en materia de inserción laboral no mercado de traballo das mulleres participantes no programa, sempre que sexan superiores aos mínimos establecidos no artigo 7, a escala será a seguinte:

- 6 %: 6 puntos.
- 7 %: 7 puntos.
- 8 %: 8 puntos.
- 9 %: 9 puntos.
- 10 %: 10 puntos.
- 11 %: 11 puntos.
- 12 %: 12 puntos.
- 13 %: 13 puntos.
- 14 %: 14 puntos.
- 15 %: 15 puntos.
- 16 % ou máis: 25 puntos.

A puntuación máxima total será de 100 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 25 puntos para poder resultar beneficiaria desta subvención.

2. No caso de empate na puntuación, o desempate establecerase en función das puntuacións máis altas segundo as epígrafes parciais dos criterios recollidos neste artigo, empezando polo punto 1, e se persiste o empate, o desempate establecerase pola data e a hora de presentación da solicitude.

3. Todas as condicións alegadas deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.



**Artigo 18. Resolución**

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, por proposta do órgano instrutor e unha vez fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, esta entenderase desestimada.

3. Na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda a que quedan sometidas as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días hábiles a súa aceptación, comprometéndose a executar o programa ou a actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

5. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

**Artigo 19. Estimación parcial da solicitude**

No caso de que unha solicitude de axuda comprenda gastos para os que non exista crédito suficiente, poderase estimar parcialmente. De producirse a ampliación ou redistribución de créditos a que se refire o número 2 do artigo 2, poderanse atender as solicitudes que non puideron ser estimadas na súa integridade, por orde de puntuación.

**Artigo 20. Notificacións**

1. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.





2. As notificacións de resolucións e actos administrativos distintas das previstas no número 1 deste artigo e no artigo 15 desta orde efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

5. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Réxime de recursos*

A presente orde pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o mesmo órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.



**Artigo 22. *Modificación da resolución de concesión***

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención a instancia da entidade beneficiaria, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa de aplicación.

**Artigo 23. *Obrigas das entidades subvencionadas***

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e nas demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

a) Destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención dentro do período e dos prazos establecidos nesta convocatoria, así como o cumprimento dos requisitos, das condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación.

b) Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado que permita unha pista de auditoría suficiente, respecto dos ingresos da axuda percibida e conservar toda a documentación relativa á subvención, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto ao disposto no Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos); na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na demais normativa concordante.

Ademais, deberán informar, de maneira fidedigna, as destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme o especificado no artigo 13 do Regula-



mento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no parágrafo anterior, recadando o seu consentimento explícito para o efecto. Así mesmo, as entidades serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

d) Dar cumprimento á obriga de dar publicidade adecuada do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do programa. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos ás actuacións subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade e o Pacto de Estado contra a violencia de xénero-Ministerio de Igualdade.

e) Informar, de ser o caso, as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero-Ministerio de Igualdade, así como dos obxectivos dos fondos, figurando os emblemas de ambos os organismos, como mínimo, nos seguintes documentos, de ser o caso:

- Partes de asistencia e/ou de participación.
- Enquisas de avaliación.
- Certificados de asistencia.

f) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e procesamento dos datos de seguimento e acreditación da realización da actividade das persoas beneficiarias ás fórmulas que, de ser o caso, propoña a Consellería de Política Social e Igualdade, realizando as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións.

g) As entidades subvencionadas deberán axustarse na execución das actuacións aos obxectivos que, de ser o caso, estableza a Consellería de Política Social e Igualdade.

h) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e das obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a solicitude e/ou a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado nacional ou internacional.

i) Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o



Consello de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

j) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

k) Contratar un seguro de cobertura de accidentes para o alumnado ou participantes nas actuacións que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os dos desprazamentos para a asistencia a elas.

l) Controlar a asistencia ás accións formativas que se realicen, e garantir que as persoas propostas para a certificación acreditativa da realización das ditas accións teñan asistido como mínimo ao 60 % do total das súas horas.

m) Reintegrar os fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 24. *Prazo e xustificación da subvención*

1. As medidas e actuacións correspondentes a estes programas xustificaranse a través da modalidade de módulos prevista no artigo 54 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A xustificación comprenderá as actuacións realizadas entre o 1 de abril de 2025 e o 30 de novembro de 2025 e presentarase con data límite do 5 de decembro de 2025.

3. A xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento asinada pola persoa que ostenta a representación da entidade, na cal se deberá facer constar de modo expreso o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, así como o custo de persoal segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas ao programa obxecto desta subvención (anexo IV).



b) Declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións (anexo V).

c) Memoria xustificativa das actuacións realizadas e subvencionadas, segundo o modelo 3 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A memoria recollerá unha mostra de todos os materiais elaborados carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías, e outros documentos onde deberán figurar os logos da Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e do Ministerio de Igualdade, así como doutras evidencias dos gastos directos realizados, para os efectos de acreditar a realización das actuacións e o cumprimento das obrigas de publicidade e información recollidas no artigo 23.

d) Certificación da relación de participantes inseridas pola súa participación neste programa de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o modelo 4 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

e) Anexo VI, de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, de cada unha das participantes inseridas, segundo o disposto no artigo 7.3. No caso de opoñerse á dita consulta, deberán achegar a copia da vida laboral ou dos contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego, ou copia da documentación xustificativa equivalente, no caso de participantes que acaden a inserción derivada dunha actividade por conta propia ou formando parte como socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral.

E anexo VI, de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, de cada participante, no caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que ademais da condición de vítima de violencia de xénero acrediten unha situación de discapacidade. No caso de opoñerse a dita consulta ou de que este non fose emitido pola Xunta de Galicia, deberán achegar a copia do dito documento acreditativo da discapacidade.

f) Declaración asinada por cada unha das participantes inseridas, relativa á consecución do obxectivo de inserción, segundo o modelo 5 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.



g) No caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que ademais da condición de vítima de violencia de xénero, acrediten unha situación de persoa inmigrante, deberán achegar documentación acreditativa de dita situación.

h) Para a xustificación do módulo para o itinerario de inserción (artigo 8.a), deberá achegarse a seguinte documentación:

1º Certificación dos custos directos de persoal referidos a cada unha das persoas profesionais, con indicación do tipo de relación ou vinculación coa entidade solicitante, o número de horas efectivamente traballadas referidas ás actuacións vinculadas ao programa obxecto desta subvención, segundo o modelo 6 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2º. Follas mensuais das horas totais efectivamente traballadas dedicadas a este programa dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero, asinadas pola persoa traballadora e pola persoa responsable da entidade, respecto de todas as persoas adscritas ao programa obxecto da subvención, segundo o modelo 7 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3º. Certificación do número total de persoas atendidas, xunto cunha relación desas persoas, acreditativa da atención recibida, segundo o modelo 8 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4º Folla individualizada de seguimento de cada unha das persoas participantes, segundo o modelo 9 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A folla individualizada de seguimento debe estar asinada pola persoa participante, polas/os profesionais que prestan atención, e pola persoa responsable do programa, e numerada co mesmo ordinal con que figuren na relación que acompaña a certificación do número total de persoas atendidas.

Non serán computables as persoas que non se identifiquen nin aquelas das cales non acheguen debidamente cubertas as follas individualizadas de seguimento.

5º. De ser o caso, certificación da realización de prácticas non laborais en empresa, asinada polas persoas participantes, pola/o responsable da entidade e pola persoa responsable da empresa, segundo o modelo 10 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.



i) Para a xustificación do módulo de formación para o emprego (artigo 8.b), deberá achegarse a seguinte documentación:

Por cada acción formativa finalizada:

1º. Partes de asistencia, onde consten os datos da acción formativa, asinados polas persoas participantes e a/o responsable técnica/o da actuación, segundo o modelo 11 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

No caso de teleformación, certificación asinada pola/o responsable técnica/o da actuación, segundo o modelo 12 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2º. Certificación da finalización da acción formativa, asinada pola persoa responsable da entidade, comprensiva da relación de persoas asistentes e o número total de horas realizadas por cada unha delas, segundo o modelo 13 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

j) Para a xustificación do módulo de conciliación (artigo 8.c), deberá achegarse a seguinte documentación:

1º. Orde de servizo, segundo o modelo 14 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2º. Rexistro do servizo de apoio á conciliación realizado, con parte horario, semanal ou diario, segundo o modelo 15 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

k) Para a xustificación do módulo de bolsas de participación (artigo 8.d), deberá achegarse a seguinte documentación:

1º. Certificación asinada pola persoa responsable da entidade, comprensiva da relación de participantes que percibiron as bolsas e o seu importe, e a relación das participantes que non percibiron bolsa/s e a causa, segundo o modelo 16 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2º. Declaración asinada por cada unha das participantes, relativa á percepción das bolsas de participación, segundo o modelo 17 que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia.



3º. Xustificación do pagamento mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarse a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque), nos que conste a identificación da entidade pagadora e da destinataria do pagamento.

l) No caso de que de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe de cada un dos gastos subvencionables superase as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, e a entidade beneficiaria solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non existisen no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención, a entidade beneficiaria deberá achegar as devanditas ofertas, e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días hábiles, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

#### Artigo 25. *Anticipo e pagamento da subvención*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actuacións subvencionadas.

2. Realizarase un primeiro pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención. O 20 % restante, ou a parte proporcional que corresponda, librarase logo





da xustificación por parte das entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e das demais condicións exixidas nesta orde.

#### Artigo 26. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e as demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

3. Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

4. A subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade das horas previstas de traballo efectivamente realizado dedicado ao programa e tidas en conta na asignación da subvención. Tamén procederá a minoración proporcional cando o número de participantes atendidas sexa inferior ás que correspondan segundo as horas efectivamente xustificadas. Igualmente procederá a minoración proporcional cando o número de participantes atendidas con un número mínimo de seis intervencións presenciais sexa inferior ás que correspondan segundo as horas efectivamente xustificadas.

No caso de que a subvención fose concedida para a realización de programas dirixidos na súa totalidade a mulleres que, ademais da condición de vítima de violencia de xénero, acrediten unha situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, só se computarán como participantes aquelas mulleres que acrediten a referida situación, procedendo á minoración proporcional segundo o indicado no parágrafo anterior, de ser o caso.

5. Particularmente acadará a porcentaxe dun 2 % de minoración sobre a contía total da axuda percibida o incumprimento das obrigas recollidas no artigo 23, alíneas d) e e).



6. Procederáse á minoración dunha porcentaxe do 5 % sobre a contía total da axuda percibida por cada unha das beneficiarias que non acaden a súa inserción laboral ao final do programa, segundo a porcentaxe mínima establecida no artigo 7.1 ou a porcentaxe superior indicada pola entidade na solicitude e tida en conta na súa valoración. Para estes efectos, a porcentaxe de participantes para inserir aplicarase sobre o número de mulleres participantes que corresponda segundo as horas efectivamente xustificadas.

7. No caso de incumprimento no/nos compromiso/s de contratación, presentado/s coa solicitude e obxecto de valoración, procederáse ademais á minoración do 2 % sobre a contía total da axuda percibida por cada un dos compromisos incumpridos.

8. No caso de incumprimento no compromiso de realización de prácticas non laborais en empresa sinalado na solicitude, procederáse ademais á minoración das seguintes porcentaxes sobre a contía total da axuda percibida, segundo a porcentaxe de incumprimento:

- Minoración do 2 % sobre a contía total da axuda percibida, se o incumprimento é  $\leq 25$  %.
- Minoración do 3 % sobre a contía total da axuda percibida, se o incumprimento é  $> 25$  % e  $\leq 40$  %.
- Minoración do 4 % sobre a contía total da axuda percibida, se o incumprimento é  $> 40$  % e  $\leq 60$  %.
- Minoración do 6 % sobre a contía total da axuda percibida, se o incumprimento é  $> 60$  %.

Para estes efectos, a porcentaxe de compromiso de realización de prácticas non laborais en empresa aplicarase sobre o número de mulleres participantes que corresponda segundo as horas efectivamente xustificadas.

9. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

10. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a de-



volución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia, que lle será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da axuda. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

#### Artigo 27. *Control*

1. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

3. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá realizar, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta resolución. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentaralla ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado a copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

#### Artigo 28. *Remisión normativa*

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a demais normativa de aplicación.



**Artigo 29. Información ás entidades interesadas**

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Política Social e Igualdade, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou da Consellería de Política Social e Igualdade <https://igualdade.xunta.gal>, no teléfono 981 95 76 13 ou no enderezo electrónico [vx.igualdade@xunta.gal](mailto:vx.igualdade@xunta.gal)

2. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

**Artigo 30. Publicidade**

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

**Artigo 31. Transparencia e bo goberno**

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1



da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero a actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de violencia de xénero da Consellería de Política Social e Igualdade para ditar os actos e as instrucións que sexan necesarios para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

Fabiola García Martínez  
Conselleira de Política Social e Igualdade




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDIMIENTO <ul style="list-style-type: none"> <li>SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</li> </ul>	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO  <b>SI451A</b>	DOCUMENTO  SOLICITUDE
--	---	-----------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
<b>IDENTIFICACIÓN</b>							
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
RAZÓN SOCIAL							
<input type="text"/>							
<b>ENDEREZO</b>							
PAÍS							
<input type="text"/>							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
<b>CONTACTO</b>							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CORREO ELECTRÓNICO							
<input type="text"/>							

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
<b>IDENTIFICACIÓN</b>					
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- <a href="https://notifica.xunta.gal">Notifica.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de <a href="https://notifica.gal">Notifica.gal</a> :		
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**DATOS BANCARIOS**
 Formato IBAN

 Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN						
------	--	--	--	--	--	--

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención:

 Non solicitou nin se lle concedeu e/ou percibiu ningunha outra axuda.

 Si solicitou, se lle concederon e/ou percibiu outras axudas, que son as que a seguir se relacionan:

CONCEPTO DA AXUDA	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE	S/C/P (1)	IMPORTE

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada/ C: concedida/ P: percibida)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que esta entidade:

3.1 Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta orde.

3.2 Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.3 Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.4 Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3.5 Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

3.6 Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3.7 Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular, as establecidas no artigo 23 desta orde.

3.8 Posúe capacidade financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- |                          |   |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | Memoria da entidade (anexo II)  |
| <input type="checkbox"/> | Memoria descritiva de actuacións (anexo III)  |
| <input type="checkbox"/> | Memoria complementaria ao anexo III (extensión non superior a 6 folios)   |
| <input type="checkbox"/> | Certificación do órgano responsable da entidade do compromiso de asignar os medios materiais e humanos necesarios para garantir o axeitado desenvolvemento das actuacións previstas no artigo 7 desta orde e de acordo co indicado no anexo III (artigo 12.1.c) |
| <input type="checkbox"/> | Acreditación documental da experiencia de entidade, de ser o caso (artigo 12.1.d)   |
| <input type="checkbox"/> | Documentación acreditativa do compromiso de contratación, de ser o caso (artigo 12.1.e)   |
| <input type="checkbox"/> | De ser o caso, acreditación documental suficiente de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de inserción debidamente inscrita no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia (artigo 12.1.f)          |

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNINIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non





INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión das subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, de conformidade coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias en materia de atención e protección social, así como aquelas competentes en materia de subvencións e axudas públicas cando sexa necesario para a tramitación e xestión deste procedemento. Os datos comunicaranse á Base de datos nacional de subvencións de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O órgano administrativo concedente publicará no <i>Diario Oficial de Galicia</i> as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, incluíndo, entre outros datos, a identidade de beneficiario, ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 25 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI451A).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero



## MEMORIA DA ENTIDADE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

  

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

  

Nº DE INSCRICIÓN NO REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS, DE SER O CASO
<input type="text"/>

  

FINALIDADE DA ENTIDADE
<input type="text"/>



**EXPERIENCIA DA ENTIDADE NA REALIZACIÓN E NO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE INSERCIÓN  
LABORAL CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NOS ÚLTIMOS 5 ANOS**

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	ANO (período desde - ata)	Nº DE INSERCIÓNS ACADADAS



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADEANEXO II  
(continuación)EXPERIENCIA DA ENTIDADE NA REALIZACIÓN E NO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE INSERCIÓN  
LABORAL CON OUTROS COLECTIVOS NOS ÚLTIMOS 5 ANOS

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	ANO (período desde - ata)	Nº DE INSERCIÓNS ACADADAS



**OUTROS DATOS DE INTERESE****SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero



**MEMORIA DESCRIPTIVA DE ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
TIPO	NÚM.	PÁIS EMISOR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
RAZÓN SOCIAL			
<input type="text"/>			
<b>CONTACTO</b>			
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
TIPO	NÚM.	PÁIS EMISOR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DAS MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DECLARA O SEGUINTE:			
DENOMINACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA			
<input type="text"/>			
<b>ÁMBITO XEOGRÁFICO en que a entidade ten previsto desenvolver as actuacións deste programa:</b>			
PROVINCIA/S (sinale a/as que proceda/n)	LOCALIDADE/S (indique a/as que proceda/n)		
<input type="checkbox"/> A Coruña	<input type="text"/>		
<input type="checkbox"/> Lugo	<input type="text"/>		
<input type="checkbox"/> Ourense	<input type="text"/>		
<input type="checkbox"/> Pontevedra	<input type="text"/>		
SITUACIÓN DE DISCAPACIDADE DA TOTALIDADE DAS MULLERES PARTICIPANTES NO PROGRAMA: <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON			
SITUACIÓN DE PERSOAS INMIGRANTES DA TOTALIDADE DAS MULLERES PARTICIPANTES NO PROGRAMA: <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON			



**OBXECTIVOS QUE SE ESTABLECEN EN RELACIÓN COA MELLORA DA SITUACIÓN PERSOAL E LABORAL DAS PERSOAS USUARIAS, CON RESPECTO ÁS ACTUACIÓNS ESTABLECIDAS NO ARTIGO 7**

**ACTUACIÓNS QUE TEN PREVISTO DESENVOLVER DAS ESTABLECIDAS NO ARTIGO 7 (sinala as que proceda)**

- Itinerarios de inserción (artigo 7.2.a)
- Formación para o emprego (artigo 7.2.b)
- Actuacións de apoio á conciliación (artigo 7.2.c)
- Bolsas para as participantes no programa (artigo 7.2.d)

SINALE, DE SER O CASO, O COMPOÑENTE DE INNOVACIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER:

**DESCRICIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS (INDIQUE O PERFIL PROFESIONAL E AS TITULACIÓNS DAS/DOS PROFESIONAIS QUE VAN DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS)**

**DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS E MEDIOS MATERIAIS PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS**



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADEANEXO III  
(continuación)

DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS E MEDIOS PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, DE SER O CASO

METODOLOXÍA

DESCRIPCIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER NO MARCO DO PROGRAMA





**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADEANEXO III  
(continuación)**AVALIACIÓN PREVISTA****COMPROMISOS DA ENTIDADE EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DESTE PROGRAMA**

<p>Compromiso de realización de prácticas non laborais en empresa, para os efectos da valoración da solicitude previstos no artigo 17.1.c), de ser o caso (sinale o que proceda)</p> <p>Non o risque se non existe compromiso de prácticas non laborais</p> <p><input type="radio"/> Entre o 20 % e o 40 % das participantes</p> <p><input type="radio"/> Entre o 41 % e o 60 % das participantes</p> <p><input type="radio"/> Máis do 60 % das participantes</p>	<p>No caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que acrediten situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, compromiso de realización de prácticas non laborais en empresa para os efectos da valoración da solicitude previstos no artigo 17.1.c), de ser o caso (sinale o que proceda)</p> <p>Non o risque se non existe compromiso de prácticas non laborais</p> <p><input type="radio"/> Entre o 10 % e o 20 % das participantes</p> <p><input type="radio"/> Entre o 21 % e o 40 % das participantes</p> <p><input type="radio"/> Máis do 40 % das participantes</p>
<p>Compromiso de inserción laboral, superior ao mínimo establecido no artigo 7, para os efectos da valoración da solicitude previstos no artigo 17.1.f), de ser o caso (sinale o que proceda)</p> <p>Non o risque se o compromiso é o mínimo establecido do 10 %</p> <p><input type="radio"/> 11 %</p> <p><input type="radio"/> 12 %</p> <p><input type="radio"/> 13 %</p> <p><input type="radio"/> 14 %</p> <p><input type="radio"/> 15 %</p> <p><input type="radio"/> 16 %</p> <p><input type="radio"/> 17 %</p> <p><input type="radio"/> 18 %</p> <p><input type="radio"/> 19 %</p> <p><input type="radio"/> 20 %</p> <p><input type="radio"/> 21 %</p>	<p>No caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres que acrediten situación de discapacidade ou de persoa inmigrante, compromiso de inserción laboral, superior ao mínimo establecido no artigo 7, para os efectos da valoración da solicitude previstos no artigo 17.1.f), de ser o caso (sinale o que proceda)</p> <p>Non o risque se o compromiso é o mínimo establecido do 5 %</p> <p><input type="radio"/> 6 %</p> <p><input type="radio"/> 7 %</p> <p><input type="radio"/> 8 %</p> <p><input type="radio"/> 9 %</p> <p><input type="radio"/> 10 %</p> <p><input type="radio"/> 11 %</p> <p><input type="radio"/> 12 %</p> <p><input type="radio"/> 13 %</p> <p><input type="radio"/> 14 %</p> <p><input type="radio"/> 15 %</p> <p><input type="radio"/> 16 %</p>



**ORZAMENTO PREVISTO**

<b>MÓDULO PARA O ITINERARIO DE INSERCIÓN (artigo 8.a)</b>		
Nº previsto de profesionais	Suma total das horas previstas de dedicación ao programa da totalidade de profesionais (1)	Importe solicitado (2)

(1) Máximo 1.147 horas por profesional a xornada completa

(2) A contía enténdese incrementada nun 20 % en atención ao establecido no artigo 8.a)

<b>MÓDULO PARA ACCIÓNS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (artigo 8.b)</b>	
Nº total de horas previstas de formación con presenza de monitorado e/ou tutorización no caso de teleformación	Importe solicitado (3)

(3) A contía enténdese incrementada nun 40 % en atención ao establecido no artigo 8.b)

<b>MÓDULO PARA MEDIDAS DE APOIO Á CONCILIACIÓN (artigo 8.c)</b>	
Nº total de horas previstas de prestación do servizo de apoio á conciliación	Importe solicitado (4)

(4) A contía enténdese incrementada nun 20 % en atención ao establecido no artigo 8.c)

<b>MÓDULO PARA BOLSAS DE PARTICIPACIÓN (artigo 8.1.d)</b>	
Nº total de participantes que ten previsto atender	Importe solicitado

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (máximo 80.000 €)

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

ANEXO IV

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

S1451A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

EXPEDIENTE  
S1451A 2025/

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que a subvención concedida á entidade para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, foi destinada ao fin para o que se lle concedeu.

**Que as actuacións e os gastos realizados son os que se relacionan a seguir:**

**MÓDULO PARA O ITINERARIO DE INSERCIÓN (artigo 8.a)**

Nº de profesionais dedicados/as ao desenvolvemento dos itinerarios	
Nº horas de todos/as os/as profesionais dedicados/as ao programa	
Importe total (1)	0,00

(1) A contía enténdese incrementada nun 20 % en atención ao establecido no artigo 8.a)

**MÓDULO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO, DE SER O CASO (artigo 8.b)**

Número de accións formativas desenvolvidas (finalizadas)	
Nº total de horas de formación realizadas da totalidade das accións formativas finalizadas	
Importe total (2)	0,00

(2) A contía enténdese incrementada nun 40 % en atención ao establecido no artigo 8.b)

**MÓDULO DE APOIO Á CONCILIACIÓN, DE SER O CASO (artigo 8.c)**

Modalidade do servizo	Nº total de ordes de servizo emitidas	Nº total de horas de servizo de conciliación prestadas	Importe total (3)
No fogar			0,00
No recurso comunitario			0,00

(3) A contía enténdese incrementada nun 20 % en atención ao establecido no artigo 8.c)

**MÓDULO PARA BOLSAS DE PARTICIPACIÓN (artigo 8.d)**

Nº de mulleres participantes	
Importe total aboado	

Solicita o pagamento da liquidación correspondente á subvención concedida de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o exixido na normativa reguladora.

CVE-DOG: coz993y5-47i3-dv12-5t43-cf8hk1ueayr0



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE**
**ANEXO IV  
(continuación)**
**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Declaración complementaria e actualizada, na data de xustificación, de todas as axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade (anexo V) (art. 24.3.b)
- Memoria xustificativa (art. 24.3.c)
- Certificación da relación de participantes inseridas (art. 24.3.d)
- Anexo VI, de comprobación dos datos de terceiras persoas interesadas, de cada unha das participantes inseridas ou de cada participante, no caso de programas que se dirixan na súa totalidade a mulleres, que ademais da condición de vítima de violencia de xénero, acrediten unha situación de discapacidade (art. 24.3.e)
- Contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego (art. 24.3.e)
- Documentación xustificativa equivalente no caso de participantes que acaden a inserción derivada dunha actividade por conta propia ou formando parte como socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral (art. 24.3.e)
- Documentación acreditativa de discapacidade das participantes no caso de que esta non fose emitida pola Xunta de Galicia (art. 24.3.e)
- Declaracións asinadas polas participantes que acadaron a súa inserción (art. 24.3.f)
- Documentación acreditativa da situación de persoa inmigrante das participantes, de ser o caso (art. 24.3.g)
- De ser o caso, solicitude das ofertas para contrato menor (art. 24.3.l)
- De ser o caso, memoria da elección da oferta para contrato menor (art. 24.3.l)

**PARA A XUSTIFICACIÓN DO MÓDULO PARA O ITINERARIO DE INSERCIÓN (art. 8.a)**

- Certificación dos custos directos de persoal (art. 24.3.h.1º)
- Follas mensuais das horas efectivamente traballadas (art. 24.3.h.2º)
- Certificación do número total de persoas atendidas, xunto cunha relación desas persoas, acreditativa da atención recibida (art. 24.3.h.3º)
- Folla individualizada de seguimento de cada unha das persoas participantes (art. 24.3.h.4º)
- Certificación da realización de prácticas non laborais en empresa, de ser o caso (art. 24.3.h.5º)

**PARA A XUSTIFICACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (art. 8.b), DE SER O CASO (por cada acción formativa)**

- Partes de asistencia (art. 24.3.i.1º)
- Certificación asinada pola/o responsable técnica/o da actuación, no caso de teleformación (art. 24.3.i.1º)
- Certificación da finalización da acción formativa comprensiva da relación de persoas asistentes e o número total de horas realizadas por cada unha delas (art. 24.3.i.2º)

**PARA A XUSTIFICACIÓN DO MÓDULO DE CONCILIACIÓN (art. 8.c), DE SER O CASO**

- Orde de servizo (art. 24.3.j.1º)
- Rexistro de apoio á conciliación realizado (art. 24.3.j.2º)

**PARA A XUSTIFICACIÓN DO MÓDULO DE BOLSAS DE PARTICIPACIÓN (art. 8.d):**

- Certificación asinada pola/o responsable da entidade (art. 24.3.k.1º)
- Declaracións asinadas polas participantes (art. 24.3.k.2º)
- Xustificación do pagamento (art. 24.3.k.3º)

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

ANEXO V

**DECLARACIÓN DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS E/OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE**  
SI451A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS  
PERSONALIZADOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE  
XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

EXPEDIENTE
SI451A 2025/ <input type="text"/>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:</b>			
Que, en relación con outras axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade que a subvención concedida para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia:			
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu e/ou percibiu ningunha outra axuda			
<input type="radio"/> Si solicitou, se lle concederon, e/ou percibiu outras axudas, que son as que a seguir se relacionan:			
CONCEPTO DA AXUDA	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE	S/C/P (1)	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada/ C: concedida/ P: percibida)

<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
<input type="text"/>		de <input type="text"/>	<input type="text"/>

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero





ANEXO VI

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

SI451A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SIGNATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Vida laboral dos últimos 12 meses	<input type="checkbox"/>	
					CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade da Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión das subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento de conformidade coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias en materia de atención e protección social, así como aquelas competentes en materia de subvencións, e axudas públicas cando sexa necesario para a tramitación e xestión deste procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

Lugar e data  ,  de  de

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero